

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS
C. E. P. DOUTOR FLEMING

ANPA FLEMING
Rúa Ourense 15
36211 VIGO

Tel.: 625 855 386
Correo: anpafleming@yahoo.es

*Aprender a coñecer, aprender a
facer, aprender a vivir xuntos,
aprender a ser*

Tamén estamos na web:
[http://es.geocities.com/
anpafleming](http://es.geocities.com/anpafleming)

A TÚA AXUDA É IMPORTANTE ¡PARTICIPAL

Eleccións Consello Escolar

O vintetres de novembro celebráronse eleccións para renovar parcialmente o Consello Escolar do Colexio. No sector de Nais/Pais foron elixidos os seguintes candidatos: Rosa M^a Domínguez, Guillermo Iglesias e Manuel Velasco. Jesús Carlos Pérez queda na reserva para posibles substitucións. Os novos membros, xunto con Alberto Irisari e Marga Mariño (representante da ANPA no Consello), serán os cinco representantes que as nais e pais teremos no citado órgano.



BO NADAL E VENTAREIRO ANINDIVO

Composición da ANPA Dr. Fleming

<i>Presidente</i>	Manuel Velasco
<i>Vicepresidenta</i>	Carmen Leborero
<i>Secretaría</i>	Blanca Campo
<i>Tesoureira</i>	M ^a Gabriela García
<i>Vocal</i>	Rosa M ^a Domínguez
<i>Vocal</i>	Alberto Irisari
<i>Vocal</i>	Antonia González
<i>Vocal</i>	Margarita Mariño
<i>Vocal</i>	Rosa Luengo
<i>Vocal</i>	Carmen Alonso
<i>Vocal</i>	Nieves González
<i>Vocal</i>	Mariisa Costas

Colaboradas/es: Concha, Mercedes, M^a Jesús, Loli, Laura, Mónica, Victoria; Mariana, Teresa; Guillermo; Rubén, Ana M^a, Antonio, Montserrat; Concepción, Guadalupe, Agüeda, Elena, Charo, Natividad, Mercedes...

O papel das ANPAs

As nais e pais da escola pública queremos ser coparticipantes da educación dos nosos fillos e fillas. Entendemos que a nosa participación é un medio para mellorar a calidade educativa, mellorar as relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa, implicarnos na toma de decisións, traballar en equipo, promover intereses xerais, potenciar a gualdade de oportunidades e fomentar os valores democráticos. Sabemos que a función da actual escola non é simplemente transmitir coñecementos, senón tamén formar persoas competentes social e culturalmente, o que converte a tarefa de educar en algo máis complexo que debe ser compartido por profesores e familias conxuntamente.

AGRADECEMENTO

A ANPA agradece publicamente ao IES O Castro a acollida e as atencións que nos están a prestar neste tempo de obras e dispersión

Volume 1, nº 1
Nadal 2004



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS C. E. P. DOUTOR FLEMING


Boletín Informativo ANPA Fleming

Un boletín novo para un colexio novo

Este primeiro Boletín informativo da Anpa, que agora tes nas túas mans, nace coa intención de servir de canle de información, regular e permanente, a través da que imos dar a coñecer o traballo que desenvolve a Asociación.

A construción do novo colexio obrigounos a vivir a toda a comunidade escolar unha situación de diáspora que, por sorte, está a piques de rematar. Era sabido que non íamos comezar o curso no novo colexio tal e como nos dixeron no inicio da obra, anuncio que a maioría sempre tomamos con sana incredulidade poñendo, para non levarnos un chasco, as expectativas de inauguración catro meses máis tarde, en xaneiro de 2005 tras o remate das vacacións de Nadal. Se chegada esta data non estamos nas novas instalacións, daquela seguro que xa teríamos acesa a alarma vermella.

Somos conscientes de que o espallamento das aulas e a procura dun local no Instituto do Castro, lonxe das instalacións docentes, fíxonos perder o contacto do día a día con moitas nais e pais, emporeso estamos desexando que remate esta etapa de transición e facemos planes para mellorar os servizos que prestamos unha vez nos instalemos no novo edificio.



Mais, as instalacións sen as persoas non son nada, agora que imos ter máis medios é importante fornecernos da axuda e colaboración necesaria para levar adiante todos os proxectos e tarefas. Nós, coma a ti, tamén temos a vida complicada, moitas cousas que facer e 24 horas no día para querer facelo todo, non obstante, unha parte do noso tempo comprometémolo na educación e na mellora do lecer dos nosos fillos porque, coma ti, sabemos que esta é sempre a mellor opción, no só para o presente senón sobre todo para o futuro.

Contido:

A visita de Papá Noel	2
Campaña recollida de xoguets	2
Servizo de acollida de oiro a nove	2
Unha estrutura chea de posibilidades	3
Comedores escolares	3
Membros da ANPA / Eleccións Consello Escolar	4
O papel das Asociacións de Nais e Pais.	4

A Visita de Papá Noel

Dende as frías e inhóspitas terras do norte Papá Noel ven de confirmar, un ano máis, a visita que por Nadal fai ao noso Colexio. Tan querido personaxe anda na procura de paxes axudantes que o apoien na tarefa de recoller tódolos encargos que os nenos e nenas van a facer e asistilo na entrega do agasalho, que como de costume, sempre lles trae. Papá Noel aceptou, coa flegma que lle caracteriza, o dobre traballo que terá este ano ao ter que visitar o Aulario e o Rocio.

Non obstante, mostrou a súa lelicia ao saber que o novo colexio está practicamente rematado. O consello máis importante que Papá Noel lle quere dar aos rapaces este ano é que pidan menos cousas e, sobre todo, que xoguen máis cos seus amigos.



Campaña de recollida de xoguetes usados

Para axudarvos a facer oco nos armarios e, ao mesmo tempo, darvos a posibilidade de agasallar aos/ás nenos/as que que menos teñen, un ano máis, a ANPA promove unha campaña de recollida de xoguetes usados. O material que entreguedes ten que estar completo e en



bo estado e non poden ser xoguetes bélicos.

A campaña, comezará o 13 de decembro e rematará as 10:00 horas do 17 de decembro, o horario de entrega será de 9:15 a 10:15 e de 16 a 18 horas, no IES O Castro que é, como sabedes, onde está provisionalmente a Asociación. O material que xuntemos llo entregaremos, debidamente embalado, á Cruz Vermella.

Servizo de acollida de oito a nove da mañá

Tal e como manifestamos na asemblea, celebrada ao inicio do curso, a ANPA vai a traballar a prol de conseguir que o noso colexio poida contar cun servizo de acollida para o alumnado entre as oito e as nove da mañá. Como sabedes o Consello Escolar mostrouse favorable a esta iniciativa e neste momento para poñela en marcha necesitamos dúas cousas: primeiro estar no novo colexio, e segundo ter unha lista o suficientemente ampla ($\pm$ 10 alumnos) que permita a

viabilidade do proxecto.

É preciso que fagamos todo o posible para conciliar a vida laboral co horario do colexio. Esta experiencia non só axudaría as familias que actualmente teñen esta necesidade senón que tamén sería un aliciente máis para futuras matriculas.



Unha estrutura chea de posibilidades

A Asociación de nais e pais solicitou por medio dun escrito unha entrevista co concelleiro de asuntos sociais do Concello de Vigo para amosarlle a nosa preocupación polo estado no que se atopa a estrutura que pola Rúa Romil extrema co novo colexio. A carta enviouse a través do rexistro do Concello o pasado 28 de outubro e nela tamén se lle da conta do escrito conxunto que para solicitar un uso público deste espazo lle enviaron representantes da Asociación Vecinal Doutor Fleming, Escola Infantil Vilalaura, IES do Castro, dirección do colexio e nós mesmos.

Esta zona da cidade ten unha carencia importante de espazos de uso común e esa estrutura, de propiedade municipal, pódese encher de vida, proxectos e ilusións. Non ten



"Esta zona da cidade ten unha carencia importante de espazos de uso común e esa estrutura, de propiedade municipal, pódese encher de vida, proxectos e ilusións."

acción que axude a conseguir que esta armatoste de formigón se converta nun lugar aberto e lúdico para usufructo de todos.

Comedores Escolares

Segundo datos de FOANPAS neste momento trinta e seis colexios de infantil e primaria dispoñen de comedores escolares xestionados polas ANPAS grazas ao convenio asinado entre o Concello e a Federación de asociacións de nais e pais. O subministro das comidas faise a través dun único "catering".

Catro centros, entre os que se atopa o Fleming-Vilalaura, teñen dobre quenda para poder servir comidas a tódolos comensais, malia este dobre esforzo actualmente no noso colexio hai unha lista de agarda de máis de trinta nenos/as. O prezo do menú está arredor dos 3 € e neste curso máis de catrocentos bolseiros comerán de balde.

A confirmación de que o Fleming ademais de contar cun comedor para douscentos comensais imos ter coíña propia é unha boa noticia pois nos permitirá volver a xestionar nós mesmos este importante servizo

PARA QUE O SAIBAS:

Existe un servizo de atención escolar domiciliaria financiado polo Concello para nenos que estean enfermos ou non poidan asistir ao colexio